

ABRÁZAME FORTE

Mathieu Amalric, 2021

1031

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2022 | V.O.S.G. | +12

Clarisse marcha da casa e deixa alí o seu marido Marc e os nenos. Despois da súa fuxida, a vida continúa: o seu marido prepara agora os almozos, a súa filla Lucie dedícase en corpo e alma ás súas leccións de piano e Paul, o fillo menor, non deixa de facerse preguntas. Mentres tanto, Clarisse afástase cara o mar, en coche, e imaxina os nenos medrar e Marc envellecer sen ela. Pero é realmente unha fuxida cara diante? Tal vez Clarisse só quere empezar de novo, inventar un novo final.

«Amalric entende que non son as traxedias ás que facemos fronte as que nos definen, senón os días seguintes, e converteu esa comprensión nun dos mellores filmes do ano»

Brian Tallerico, ROGEREBERT.COM



Entrevista con Mathieu Amalric: «Quixen tratar no mesmo plano o verdadeiro e o falso, o delirio e o real, sen separalos»

De onde veu a idea da película? Laurent Ziserman, un amigo próximo, quería montar unha obra de teatro pero tivo que renunciar e, unha noite, pasoume o libro, quizais como un adeus ao seu proxecto. Era *Je reviens de loin*, unha obra de teatro escrita en 2003 por Claudine Galea que eu non coñecía. Lina nunha viaxe en tren e boteime a chorar. Chorei como un bebé. Facía moito tempo que non me pasaba iso. Tívenme que agochar baixo a chaqueta. Despois de *Barbara* (2017) estaba obsesionado polo directo, o literal, como un lugar que nunca lograría alcanzar e intuín, no que Galea inventara, unha fenda, unha entrada posible. É o melodrama o que serviu de causante.

Entón fixen ler a obra a Laetitia Gonzalez e a Yaël Fogiel, as produtoras. A elas tamén as cativou, sen por iso deixar de preguntarse como mas ía a arranxar cun material a priori moi literario, sensitivo, poético. E que nunca fora posto en escena! Iso gustábame, era como unha chamada: dar vida a esa familia... se é que se pode dicir así. Nun impulso, en nove días, un pouco como un axudante de dirección que fai unha “desagregación”, lancei unha primeira versión. Lista de decorados, de accións, de obxectos, de estacións, as músicas, as estradas, o coche. Que hai na imaxe, que hai no son. En primeiro lugar, fidelidade absoluta á estrutura mental de Galea, pero tomando notas, illando algunhas palabras trampolín: “encantamento”, supoñer”, “proxectar”, “crer”, “prolongar”, “transo”, “rito”, “Rouch”... Si, as máscaras e danzas africanas en Jean Rouch... Comezaron a agromar imaxes e bágoas. O filme comezara!

Tiña referencias en mente? Entón chegou o desexo de ver películas, o cal era bo sinal. Habería pois, nesta historia, bágoas e pantasma. Así que, en primeiro lugar, melodramas. Vin moitos: *Corps à Coeur* (1979), de Paul Vecchiali, Douglas Sirk, por suposto, Nicholas Ray, Piccoli en *Volvo a casa* (2001) de Oliveira, Bill Murray en *Flores rotas* (2005) de Jarmusch, tamén Marcel Pagnol....Logo, películas de alucinacións, máis mentais: os xaponeses, Buñuel, *A pantasma e a señora Muir* (Joseph L. Mankiewicz, 1947), Resnais (sempre Resnais!), *Boyhood* (Richard Linklater, 2013), Hitchcock, os libros de Laura Kasischke, os meandros de Sophie Cale, a serie *The Leftovers* (Damon Lindelof, 2014), as películas de Pixar *Up* (Peter Docter / Bob Peterson, 2009) ou *Coco* (Lee Unkrich / Adrián Molina, 2017)...Unha chea, e iso que non as lembro todas!

Nese ese atracción de películas doutros, verifiquei, solidifiquei un único punto: a intuición inmediata que tivera de tratar o verdadeiro/o falso, o delirio/o real, no mesmo plano, sen separalos esteticamente, sen costuras. O que ela vivise e o que ela proxectase serían igual. A dor paréceme que nos fai iso, non? Pensade nas rupturas amorosas, onde todo se mestura, o espazo, o tempo, a ausencia, a pena, os recordos modificados, os celos imaxinando ao outro, o onanismo, a resurrección... Neses momentos non poñemos nin un ton sepia nin filtros para disociar o verdadeiro do falso. Todo se acumula e se fragmenta. Somos hiperrealistas no máis mínimo detalle. Fai dano e ao mesmo tempo fainos ben!

Logo, como referencia, tiñamos *Chove sobre o meu corazón* (1969) de Francis Ford Coppola. Unha muller que se vai....Road movie trágica e chea de vida ao mesmo tempo. Chegamos mesmo a filmar a Clarisse saíndo do cinema. Choraría coa escena da cabina telefónica (cando Shirley Knight chama ao seu marido), exactamente como Anna Karina chora Falconetti/Xoana de Arco de Dreyer en *Vivir a súa vida* (1962) de Godard. Pero *Chove sobre o meu corazón* impregnara a película ata un punto no que xa non necesitabamos iso, podíamos quitar a andamiaxe. Así que non rodamos esa escena. É a única película que lle mostrei a Christophe Beaucarne, o director de fotografía. A imaxe, o grao, veñen de aí. E tamén vén de aí o longo abrigo marrón co que ella parece sentirse tan protexida. A encargada de vestiario, Caroline Spieth, buscou infatigablemente até atopalo.